



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tño. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ACTA N.º 12/2016 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 21 DE DECEMBRO DE 2016

#### ASUNTOS

#### I.- PARTE RESOLUTIVA

##### I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AXUDAS Á INSERCIÓN SOCIAL E PARA EMERXENCIAS SOCIAIS

I.3.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE ALIMENTOS MUNICIPAL

I.4.- SOLICITUDES DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL E DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (I.B.I.) PARA O EXERCICIO 2017

I.5.- PROPOSTA DE APOIO Á PETICIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE BOLOS

I.6.- PLAN DE AFORRO NA FACTURA DE ELECTRICIDADE

I.7.- MOCION DE URXENCIA:

INTEGRACIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE VIGO NO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA

#### II.- COMUNICACIÓNS E CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- COMUNICACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP: MODIFICACIÓN DA ORDE DAS PORTAVOCÍAS

II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

II.4.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

II.5.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á SUBSTITUCIÓN DO TITULAR DA ALCALDÍA

II.6.- ROGOS E PREGUNTAS

#### ASISTENTES:

*Grupos:*

#### **Alcalde-Presidente:**

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

#### **Concelleiros/as:**

- D.ª Raquel Giráldez Armas

- D. Diego García Moreira

- D. Rubén Rial Sánchez

- D.ª Ana Pérez Pérez

- D. José Luis Sanromán Román

- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

- D. Alberto García Pazos

- D. Modesto Martínez Sienes

- D.ª Liliana Silva Pequeño

- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorroto

- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo

- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

- UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Mércores, 21 de decembro de 2016
- *Lugar de celebración:* Salón de Actos do edificio administrativo anexo á Casa Consistorial (á causa das obras de remodelación da planta baixa da Casa Consistorial) .
- *Carácter da sesión:* ordinaria, ao aprazarse a esta data a correspondente ao presente mes
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:01
- *Hora de remate:* 22:40
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 15
- *D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez e D. José Luis Sanromán Román* incorpóranse á sesión no curso do punto primeiro da Orde do Día

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

### **I.- PARTE RESOLUTIVA**

#### **I.1.- ACTA ANTERIOR**

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 24 novembro de 2016.*

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 24 novembro de 2016 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

#### **I.2.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AXUDAS Á INSERCIÓN SOCIAL E PARA EMERXENCIAS SOCIAIS**

A) Ditame da Comisión.

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 14 de decembro de 2016, informa favorablemente o expediente.

B) Emenda.

A Alcaldía-Presidencia formula a seguinte emenda, cun texto alternativo ao ditaminado pola Comisión:



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### Expte. 2016/004

Logo da comisión informativa celebrada o pasado día 14/12/16, visto o informe do interventor municipal do 16/12/16 sobre a proposta da alcaldía para a aprobación das "bases específicas que rexerán a concesión de axudas á inserción social e para emerxencias sociais", considérase preciso introducir a seguinte emenda na referida proposta ditaminada:

**1.** No punto primeiro da parte dispositiva incorpórase o texto íntegro das "bases específicas que rexerán a concesión de axudas á inserción social e para emerxencias sociais". Neste texto introdúcense as seguintes modificacións:

A **base 4.2** queda redactada como segue:

*"2. Estar empadroados os membros da unidade familiar e ter residencia efectiva no concello de Nigrán cunha antelación mínima de 6 meses no momento da solicitude."*

A **base 6** queda redactada como segue:

*"1. Para determinar os ingresos por debaixo dos cales poderá procederse ao recoñecemento das axudas, teranse en conta os ingresos de toda a unidade familiar:*

*2. Computaranse como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outra, nos 12 meses anteriores á data de solicitude.*

*3. No caso de existencia de recursos dinerarios depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% das cantidades depositadas nos 12 meses anteriores á data da solicitude. Así mesmo terase en conta o saldo medio das contas correntes de toda a unidade familiar no mesmo período.*

*4. Para o computo final dos ingresos descontaranse os alugueres e hipoteca da vivenda, ata 300 euros ao mes."*

A **base 7.b** queda redactada como segue:

*"b) Carencia de medios económicos para conservar as condicións de habitabilidade ou para adquirir o equipamento da vivenda habitual, como traslado de mobles, efectos, gastos de luz, auga e gas, acometida do abastecemento e saneamento, mobiliario básico (camas, mesas, cadeiras, etc.); electrodomésticos (frigorífico, lavadora, cociña, etc.); acondicionamento sanitario (ducha, baño, etc) e reparacións e/ou reformas en xeral.*

*No caso de que a realización de obras o requira, o interesado deberá contar co correspondente título habilitante de natureza urbanística, sen prexuízo das bonificacións ou exencións tributarias das que poda beneficiarse en atención á súa situación."*

A **base 10.4.I** queda redactada como segue:

*"I) Contrato de aluguer ou de hipoteca."*

A **base 10.4.m** queda redactada como segue:



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tño. 986 365 000 Fax 986 383 931

*"m) Sentenza xudicial que recolla a existencia dunha situación de maltrato, violencia de xénero ou doméstica, respecto de algún dos membros da unidade familiar."*

A **base 12** queda redactada, no seu primeiro parágrafo, como segue:

*"Tendo en conta o establecido na base 1ª, a finalidade desta axudas de carácter temporal é a de paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por unha situación de emerxencia. De acordo co exposto, o procedemento para a concesión das mesmas que se iniciará nos servizos sociais municipais é o seguinte: (...)"*

A **base 13** queda redactada como segue:

*"Nas avaliacións dos expedientes teranse en conta criterios específicos. Para a aplicación dos criterios específicos utilizarase unha escala de valoración validada e estandarizada, que determinará a prioridade da solicitude en función dos puntos obtidos, que significarán a escala de necesidades estimada. Os criterios específicos a ter en conta serán os seguintes:*

### *1.1 Tipoloxía familiar:*

- 1.1.1 Familia nuclear: 1 punto*
- 1.1.2 Familia monoparental: 2 puntos*

### *1.2 Situación socio-familiar (factores limitadores adicionais que afectan a algún dos membros da unidade familiar):*

- 1.2.1 Existencia de membros da unidade familiar con discapacidade (física, psíquica ou sensorial debidamente acreditada ou valorada con grao ou nivel de dependencia: 1 punto por membro.*
- 1.2.2 Existencia de membros da unidade familiar con problemas de adición (alcohol, drogas, e/ou outras adicións): 1 punto por membro*
- 1.2.3 Existencia de membros da unidade familiar con enfermidade grave ou en situación de dependencia: 1 punto por membro.*
- 1.2.4 Ausencia do fogar de ámbolos dous membros parenterais: 2 puntos*
- 1.2.5. Familias numerosas: 1 punto por membro adicional ao mínimo estipulado para a consideración de familia numerosa.*

### *1.3 Situación económica familiar (avaliación dos ingresos de unidade familiar, tendo en conta a renda per cápita):*

- 1.3.1 Rendas per cápita superiores ao 100% do IPREM: 0 puntos*
- 1.3.2 Rendas per cápita entre o 100% e o 75% do IPREM: 1 punto*
- 1.3.3 Rendas per cápita entre o 74% e o 50% do IPREM: 2 puntos*
- 1.3.4 Rendas per cápita entre o 49% e o 25% do IPREM: 3 puntos*
- 1.3.5. Rendas per cápita entre o 24% e o 10% do IPREM: 4 puntos*
- 1.3.6 Rendas per cápita inferiores ao 10% do IPREM: 5 puntos*

### *1.4 Situación da vivenda:*

- 1.4.1 Vivenda cedida sen custo: 0 puntos*
- 1.4.2 Vivenda en propiedade pagada: 1 punto*
- 1.4.3 Vivenda en propiedade pagándose: 2 puntos*
- 1.4.4 Vivenda en aluguer: 2 puntos*
- 1.4.5 Vivenda en precario: 3 puntos*



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### 1.5 Situación de risco e/ou exclusión social:

1.5.1 Situación de desatención dos fillos menores por parte dos proxenitores ou representantes legais: 2 puntos

1.5.2 Problemas conductuais dos menores que integran a unidade familiar: 2 puntos

1.5.3 Problemas de conducta desadaptada que afecten aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos

1.5.4. Situacións de violencia doméstica: 2 puntos

1.5.5 Unidades familiares nas que algún membro se atope en situación de desemprego: 2 puntos por membro

1.5.6 Outras circunstancias de risco non recollidas no ítems anteriores: 2 puntos

### 1.6 Familias incursas nalgún dos seguintes procesos de intervención social:

1.6.1 Familias incluídas no programa de apoio familiar: 3 puntos

1.6.2. Familias beneficiarias da RISGA: 3 puntos

1.7 Outros datos de interese relacionados coa necesidade de axuda de emerxencia social: Esta puntuación será a que resulta de considerar a posible concorrencia de determinadas circunstancias dentro da unidade de convivencia, que deben ser avaliadas por canto poidan incidir no grao de necesidade, e que non quedan reflectidas nos criterios de avaliación sinalados con anterioridade.

Representa unha avaliación adicional feita polos servizos sociais de atención primaria do concello, que non pode exceder dos 5 puntos."

A base 16 queda redactada como segue:

"A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos beneficiarios da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro das axudas aboadas e a prohibición de beneficiarse de outras novas por un período de 2 anos."

2. No punto terceiro da parte dispositiva da proposta da alcaldía, onde di:

"TERCEIRO.- Advertir que contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito."

Debe dicir:

"TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende a súa publicación, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende a súa publicación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito."



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

4. En atención ás modificacións anteriormente relacionadas, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Levantar os reparos formulados polo interventor municipal e aprobar as bases específicas que rexerán a concesión de axudas á inserción social e para emerxencias sociais, co texto que se insire a continuación:

### **"BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESION DE AXUDAS Á INSERCIÓN SOCIAL E PARA EMERXENCIAS SOCIAIS**

*As presentes bases específicas, que rexerán a concesión de axudas ou subvencións á inserción social e para emerxencias sociais, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.*

#### **1. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA**

*O Concello de Nigrán, asumindo as competencias recoñecidas no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, procede a ditar as bases necesarias para a concesión de axudas á inserción social e para emerxencias sociais, destinadas a persoas ou familias que se atopen en situacións carenciais.*

#### **2. OBXECTO DAS AXUDAS**

*As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de axudas ou subvencións co obxectivo de satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias que se atopen en situacións carenciais, así como estimular a súa incorporación social e laboral.*

*As axudas para a inserción social e para emerxencias sociais constitúen unha prestación económica de carácter urxente e extraordinario, destinada a paliar situacións carenciais e transitorias imprevistas ou excepcionais, así como para previr o agravamento das mesmas.*

#### **3. BENEFICIARIOS/AS**

*Poderán beneficiarse das axudas de emerxencia social persoas individuais ou unidades familiares. Entenderase por unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor e os fillos que conviven no domicilio familiar.*

*Nunha unidade familiar un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria das axudas, aínda que se lle outorguen en beneficio da unidade familiar.*

*Son titulares do dereito ás prestacións económicas, ata o momento e nos límites económicos que o permitan as consignación orzamentais acordadas para ditas prestacións, os/as veciños/as que reúnan os requisitos esixidos e cumpran co establecido nas presentes bases.*

#### **4. REQUISITOS**

1. Ser maior de idade ou menor emancipado/a.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

2. *Estar empadroados os membros da unidade familiar e ter residencia efectiva no concello de Nigrán cunha antelación mínima de 6 meses no momento da solicitude.*

3. *Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nas presentes bases.*

### 5. CÓMPUTO DE INGRESOS

*Para poder beneficiarse das axudas ás que se refiren as presentes bases, os ingresos económicos das unidades familiares en función do número de membros das mesmas non poderán superar en ningún caso os límites establecidos na seguinte táboa:*

1 membro .....	532,51€/mes
2 membros.....	665,64 €/mes
3 membros.....	798,77€/mes
4 membros.....	985,15€/mes
5 membros.....	1171,53 €/mes
6 membros.....	1384,53 €/mes
7 membros.....	1597,53 €/mes
8 membros.....	1840,53 €/mes
9 membros.....	2023,53 €/mes
10 membros.....	2236,53 €/mes

*Ás anteriores contías aplicarase a variación do IPREM que anualmente corresponda.*

### 6. DETERMINACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS

1. *Para determinar os ingresos por debaixo dos cales poderá procederse ao recoñecemento das axudas, teranse en conta os ingresos de toda a unidade familiar:*

2. *Computaranse como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outra, nos 12 meses anteriores á data de solicitude.*

3. *No caso de existencia de recursos dinerarios depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% das cantidades depositadas nos 12 meses anteriores á data da solicitude. Así mesmo terase en conta o saldo medio das contas correntes de toda a unidade familiar no mesmo período.*

4. *Para o computo final dos ingresos descontaranse os alugueres e hipoteca da vivenda, ata 300 euros ao mes .*

### 7. GASTOS SUBVENCIONABLES

*As axudas de emerxencia social poderán ser aplicadas aos gastos orixinados polas seguintes situacións de necesidade, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección:*

a) *Dificultade de continuar no uso e goce da vivenda habitual e de xeito particular para afrontar os gastos que permitan o dereito ao uso da mesma, como o pago de aluguer, hipoteca, pago da fianza e primeira mensuralidade para aluguer da vivenda e pago de gastos de comunidade e necesidades orixinadas polo desaloxo da vivenda habitual.*

b) *Carencia de medios económicos para conservar as condicións de habitabilidade ou para adquirir o equipamento da vivenda habitual, como traslado de mobles, efectos, gastos de luz, auga e gas, acometida do abastecemento e saneamento, mobiliario básico (camas, mesas,*



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*cadeiras, etc.); electrodomésticos (frigorífico, lavadora, cociña, etc.); acondicionamento sanitario (ducha, baño, etc) e reparacións e/ou reformas en xeral.*

*No caso de que a realización de obras o requira, o interesado deberá contar co correspondente título habilitante de natureza urbanística, sen prexuízo das bonificacións ou exencións tributarias das que poda beneficiarse en atención á súa situación.*

*c) As necesidades consistentes en cubrir con carácter urxente as atencións primarias do/a beneficiario/a ou da unidade familiar como: alimentación, vestido, coidados sanitarios, próteses, ortesis, axudas técnicas, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección.*

*d) Excepcionalmente, situacións de necesidade orixinadas por circunstancias que poñen en perigo a convivencia familiar ou a integración social do/as beneficiarios/as e que non están comprendidas nos supostos anteriores.*

### **8. CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO**

*As axudas concederanse con cargo aos créditos orzamentarios que se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola alcaldía, na que se especificará tamén a contía máxima destinada a aquelas.*

*A información contable relativa a execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello.*

### **9. CONTÍA DAS AXUDAS**

*1. O importe das axudas modularase atendendo ao concepto concreto da necesidade, á consecución do obxectivo de satisfacer ou axudar a cubrir a necesidade, ao gasto necesario para satisfacela, á situación socioeconómica do/a solicitante. A axuda poderá cubrir o gasto total de necesidade, cando así sexa avaliado polo/a traballador/a social que o fará constar no informe social.*

*2. Con carácter xeral, concederáanse un máximo de dúas axudas de emerxencia ao ano. Será posible tamén a adxudicación destas dúas axudas simultaneamente nunha mesma resolución e para un mesmo concepto.*

*Sen prexuízo do anterior, en supostos de excepcional gravidade, o/a concelleiro/a delegado/a competente en materia de servizos sociais poderá propor incrementar o numero de axudas para atender convenientemente a necesidade sobrevida, sempre que estea debidamente xustificado e avaliado no Informe do/a traballador/a social.*

*3. O importe máximo das axudas en función dos gastos susceptibles das mesmas establecidas no punto 7 son:*

- Para os conceptos contidos no punto 7.a: ata un máximo de 450€ por axuda.*
- Para os conceptos contidos no punto 7.b: ata un máximo de 1.000€ por axuda.*
- Para os conceptos contidos no punto 7.c: ata un máximo de 500€ por axuda.*
- No caso de situacións susceptibles de inclusión no apartado 7.d, o importe da axuda será determinada e motivada no informe social, sen superar os 800€.*

### **10. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

*1. As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse por calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do*





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No entanto o Concello non dispoña dunha sede electrónica operativa, as solicitudes admitiranse en formato papel no Rexistro Xeral municipal, ou por calquera outro dos medios admitidos no precepto citado.*

*2. As solicitudes presentaranse cumprimentando o modelo que se incorpora (ANEXO I), asinando autorización e consentimento para recadar os documentos que obren nesta ou outras Administracións, así como a información adicional que se considera necesaria para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través de calquera dos medios previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común.*

*3. O prazo de petición manterase aberto durante a anualidade á que se refira cada convocatoria, suxeito, en todo caso, á existencia de consignación orzamentaria para facer fronte ao custo das axudas.*

*4. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación relativa a todos os membros da familia.*

*a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou tarxeta de identificación de estranxeiro/a relativa a súa residencia legal en España de toda a unidade familiar.*

*b) Fotocopia do libro de familia ou documentos acreditativos de acollementos ou tutela.*

*c) Fotocopia da declaración de I.R.P.F do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado/a a presentala, achegarase certificación negativa da Axencia Estatal da Administración Tributaria relativa aos membros da unidade familiar maiores de 16 anos.*

*d) Certificación actual de haberes emitida pola empresa/s ou nóminas. No seu defecto achegarase xustificación de ingresos dos últimos 6 meses, de cada un dos compoñentes da unidade familiar maiores de 16 anos, tanto que os seus ingresos teñan carácter regular como irregular.*

*f) Certificacións actuais de pensións, prestacións ou subsidios, expedidas polos organismos correspondentes (INEM, Seguridade Social, Xunta de Galicia) de cada un dos compoñentes da unidade familiar.*

*Nos casos nos que non se podan acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, recadarase a declaración responsable sobre eles (declaración xurada).*

*g) Certificado de discapacidade e/ou dependencia se fose o caso.*

*h) No suposto de que a axuda solicitada teña como destino a realización de obras no lugar, esixirase con carácter preceptivo a incorporación no expediente dun informe técnico dos servizos municipais competentes referidos aos aspectos técnicos da mesma (viabilidade, orzamento, etc.,)*

*i) Título de familia numerosa.*

*j) Vida laboral dos maiores de 16 anos.*

*k) Convenio regulador sobre garda e custodia dos menores e pensión de alimentos.*

*l) Contrato de aluguer ou de hipoteca.*

*m) Sentenza xudicial que recolla a existencia dunha situación de maltrato, violencia de*



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

xénero ou doméstica, respecto de algún dos membros da unidade familiar.

n) *Extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas que integran a unidade familiar, correspondentes aos doce meses inmediatamente anteriores á formulación da solicitude.*

ñ) *Nas axudas que impliquen adecuación da vivenda, documento que acredite a propiedade ou alugueiro, e neste suposto autorización do propietario.*

o) *Presentaranse un mínimo de tres orzamentos detallados do custo do ben ou servizo para cuxo pago se solicite a axuda, no caso de que isto sexa posible.*

p) *Certificado de conta bancaria.*

### **11. TRAMITACIÓN**

*A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais, e a súa tramitación poderá ter carácter ordinario ou urxente.*

*Os/as traballadores/as sociais, tendo en conta a situación do solicitante, o carácter de necesidade, así como a urxencia da resolución dos problemas que orixina a demanda de axuda de emerxencia social, deberán determinar o procedemento a seguir en cada caso, que deba constar expresamente no informe social.*

### **12. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS**

*Tendo en conta o establecido na base 1ª, a finalidade desta axudas de carácter temporal é a de paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por unha situación de emerxencia. De acordo co exposto, o procedemento para a concesión das mesmas que se iniciará nos servizos sociais municipais é o seguinte:*

1. *O procedemento iniciarse a instancia do interesado mediante a presentación da solicitude (ANEXO I) nos termos e formas sinaladas na base 10ª.*

2. *Recibida a solicitude, elaborarse polos traballadores sociais o informe no que se porá de manifesto a problemática, a demanda, e se o solicitante cumpre os requisitos esixidos para recibir a axuda, avaliando a situación de necesidade e o carácter urxente ou ordinario da concesión da axuda, así como a súa contía. O informe remitirase á concellería delegada competente en materia de servizos sociais.*

3. *O/a concelleiro/a delegado/a competente en materia de servizos sociais, á vista do informe social, ditará unha providencia indicando a continuación da tramitación con carácter urxente ou ordinario ou, no caso de procederes, propondrá denegar a axuda económica peticiónada.*

4. *A resolución que se dite polo órgano competente notificarase ao solicitante, facendo constar a aprobación ou denegación da axuda. No suposto de aprobación, deberá constar a contía concedida, así como os medios de xustificación do gasto.*

5. *O pagamento ao beneficiario e a xustificación das axudas levarase a cabo de conformidade co sinalado na base 14ª.*

### **13. CRITERIOS PARA A RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE**

*Nas avaliacións dos expedientes teranse en conta criterios específicos. Para a aplicación dos criterios específicos utilizarase unha escala de valoración validada e estandarizada, que*



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

determinará a prioridade da solicitude en función dos puntos obtidos, que significarán a escala de necesidades estimada. Os criterios específicos a ter en conta serán os seguintes:

### 1.1 Tipoloxía familiar:

- 1.1.1 Familia nuclear: 1 punto
- 1.1.2 Familia monoparental: 2 puntos

### 1.2 Situación socio-familiar (factores limitadores adicionais que afectan a algún dos membros da unidade familiar):

- 1.2.1 Existencia de membros da unidade familiar con discapacidade (física, psíquica ou sensorial debidamente acreditada ou valorada con grao ou nivel de dependencia: 1 punto por membro.
- 1.2.2 Existencia de membros da unidade familiar con problemas de adición (alcohol, drogas, e/ou outras adiccións): 1 punto por membro
- 1.2.3 Existencia de membros da unidade familiar con enfermidade grave ou en situación de dependencia: 1 punto por membro.
- 1.2.4 Ausencia do fogar de ámbolos dous membros parenterais: 2 puntos
- 1.2.5. Familias numerosas: 1 punto por membro adicional ao mínimo estipulado para a consideración de familia numerosa.

### 1.3 Situación económica familiar (avaliación dos ingresos de unidade familiar, tendo en conta a renda per cápita):

- 1.3.1 Rendas per cápita superiores ao 100% do IPREM: 0 puntos
- 1.3.2 Rendas per cápita entre o 100% e o 75% do IPREM: 1 punto
- 1.3.3 Rendas per cápita entre o 74% e o 50% do IPREM: 2 puntos
- 1.3.4 Rendas per cápita entre o 49% e o 25% do IPREM: 3 puntos
- 1.3.5. Rendas per cápita entre o 24% e o 10% do IPREM: 4 puntos
- 1.3.6 Rendas per cápita inferiores ao 10% do IPREM: 5 puntos

### 1.4 Situación da vivenda:

- 1.4.1 Vivenda cedida sen custo: 0 puntos
- 1.4.2 Vivenda en propiedade pagada: 1 puntos
- 1.4.3 Vivenda en propiedade pagándose: 2 puntos
- 1.4.4 Vivenda en aluguer: 2 puntos
- 1.4.5 Vivenda en precario: 3 puntos

### 1.5 Situación de risco e/ou exclusión social:

- 1.5.1 Situación de desatención dos fillos menores por parte dos proxenitores ou representantes legais: 2 puntos
- 1.5.2 Problemas conductuais dos menores que integran a unidade familiar: 2 puntos
- 1.5.3 Problemas de conducta desadaptada que afecten aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos
- 1.5.4. Situacións de violencia doméstica: 2 puntos
- 1.5.5 Unidades familiares nas que algún membro se atope en situación de desemprego: 2 puntos por membro
- 1.5.6 Outras circunstancias de risco non recollidas no ítems anteriores: 2 puntos

### 1.6 Familias incursas nalgún dos seguintes procesos de intervención social:

- 1.6.1 Familias incluídas no programa de apoio familiar: 3 puntos
- 1.6.2. Familias beneficiarias da RISGA: 3 puntos



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*1.7 Outros datos de interese relacionados coa necesidade de axuda de emerxencia social: Esta puntuación será a que resulta de considerar a posible concorrencia de determinadas circunstancias dentro da unidade de convivencia, que deben ser avaliadas por canto poidan incidir no grao de necesidade, e que non quedan reflectidas nos criterios de avaliación sinalados con anterioridade.*

*Representa unha avaliación adicional feita polos servizos sociais de atención primaria do concello, que non pode exceder dos 5 puntos.*

### **14. FORMA DE PAGO E XUSTIFICACIÓN**

*1. O importe da axuda librarase mediante pagamento único. O libramento faráselle directamente ao/á beneficiario/a ou á persoa ou entidade que este/a autorice e o informe social así o apoie. Así mesmo, este informe poderá suxerir que o pago da axuda se realice co acompañamento dalgún traballador dos servizos sociais. Cabe a posibilidade de realizar un pago anticipado en situacións excepcionais, que deberá ser xustificado no informe social.*

*No caso dos procedementos tramitados con carácter ordinario, o pago realizarase o máis axiña posible, sen que o prazo poida exceder de máis dun mes dende a data de resolución. No caso dos procedementos tramitados con carácter urxente, o pago realizarase nun prazo máximo de 72 horas dende a data da resolución.*

*2. Os beneficiarios das axudas deberán xustificar perante o Concello que as mesmas foron destinadas aos fins para os que foron concedidas. A xustificación da axuda levarase a cabo nun prazo non superior a 20 días dende a data de pagamento, mediante a achega de facturas que cumpran os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, ou outros xustificantes ou documentos con valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa. A documentación xustificativa deberá presentarse no rexistro xeral municipal.*

### **15. SEGUIMENTO DAS AXUDAS**

*Os servizos sociais municipais levarán a cabo o seguimento da situación de necesidade protexida polas axudas de emerxencia, así como o destino dado ás mesmas; e poderán solicitarlle aos/as beneficiarios/as a información ou documentación necesaria para o exercicio da dita función de forma axeitada.*

### **16. REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR**

*A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos beneficiarios da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro das axudas aboadas e a prohibición de beneficiarse de outras novas por un período de 2 anos.*

## ANEXO I

### **SOLICITUDE DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL**

#### **SOLICITANTE**

Nome e apelidos:

DNI:



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Data de nacemento:

Ingresos/Procedencia:

Enderezo:

Teléfono:

### UNIDADE FAMILIAR

Nome e apelidos	DNI	D.Nacemento	Parentesco	Ingresos/Procedencia

Aluguer:  Si  Non      Importe: \_\_\_\_\_  
Hipoteca:  Si  Non      Importe: \_\_\_\_\_

### SOLICITA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O CONCEPTO DE:

Autorizo ao Concello de Nigrán a recabar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información necesaria a estes efectos acerca dos meus ingresos nos exercicios

\_\_\_\_\_

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ .

Sinatura:

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN"

**SEGUNDO.-** Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

**TERCEIRO.-** Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende a súa publicación, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende a súa publicación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tño. 986 365 000 Fax 986 383 931

### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai achegas da Intervención que melloran as bases, por iso se fixo a emenda que se trasladou hoxe aos grupos. Se hai inconveniente pódese aprazar a decisión ao mes de xaneiro, aínda que ao goberno gustaríalle que se aprobe hoxe.

*D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* O goberno segue improvisando. Non se contou co informe da Intervención no momento en que correspondía. Están a favor, pero incide en que se piden moitos requisitos ao interesado, que ten que achegar ata 12 documentos, e isto non é compatible coa urxencia destes casos.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Votarán a favor. Son conscientes da dificultade de achegar os documentos. Propón que se estude a posibilidade de dar adiantos das axudas. Nótase unha mellora no programa neste ano.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Votará a favor. Lamenta que se teña que actuar á última hora coa emenda.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* As correccións son axeitadas e melloran as bases. A cuestión é que se levaron á Comisión sen informe da Intervención. Espera que no futuro isto se corrixa.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pensa que non hai improvisación e que se poden resolver as peticións en breve prazo. Cabe o pago anticipado, segundo as bases. O que se vota é a emenda.

**Votación e acordo sobre a proposta contida na emenda da Alcaldía.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello aproba nos seus propios termos a proposta de acordo contida na emenda da Alcaldía-Presidencia.

### **I.3.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE ALIMENTOS MUNICIPAL**

A) Ditame da Comisión.

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 14 de decembro de 2016, informa favorablemente o expediente.

B) Emenda.

A Alcaldía-Presidencia formula a seguinte emenda, cun texto alternativo ao



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ditaminado pola Comisión:

### Expte. 2016/005

Logo da comisión informativa celebrada o pasado día 14/12/16, visto o informe do interventor municipal do 19/12/16 sobre a proposta da alcaldía para a aprobación das "bases específicas que rexerán o funcionamento do programa de alimentos municipal", considérase preciso introducir a seguinte emenda na referida proposta ditaminada:

1. No primeiro parágrafo da parte dispositiva da proposta, onde di:

*"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas que rexerán a concesión de axudas á inserción social e para emerxencias sociais, co texto que se insire a continuación: (...)"*

Debe dicir:

*"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas que rexerán o funcionamento do programa de alimentos municipal, co texto que se insire a continuación: (...)"*

2. No punto primeiro da parte dispositiva incorpórase o texto íntegro das "bases específicas que rexerán o funcionamento do programa de alimentos municipal". Neste texto introdúcense as seguintes modificacións:

A **base 4.2** queda redactada como segue:

*"2. Estar empadroados os membros da unidade de convivencia e ter residencia efectiva no concello de Nigrán cunha antelación mínima de 6 meses no momento da solicitude."*

A **base 6.3** queda redactada como segue:

*"3. Computaranse como recursos da unidade de convivencia a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outra, nos 12 meses anteriores á data de solicitude.*

*No caso de existencia de recursos dinerarios depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% da cantidade depositada nos 12 meses anteriores á data da solicitude. Así mesmo terase en conta o saldo medio das contas correntes de toda a unidade de convivencia no mesmo período.*

*Pola súa parte, serán gastos deducibles os alugueres e hipoteca da vivenda, ata 300 euros ao mes."*

A **base 10.4** queda redactada como segue:

*"4. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación de todos os membros da familia:*

*a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou tarxeta de identificación de estranxeiro/a relativa a súa residencia legal en España de toda a unidade de convivencia.*



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

b) *Fotocopia da declaración de I.R.P.F do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado/a a presentala, certificación negativa da Axencia Estatal de Administración Tributaria relativa aos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.*

c) *Certificación actual de haberes emitida pola empresa/s ou nóminas. No seu defecto achegarase xustificación de ingresos dos últimos 6 meses, de cada un dos compoñentes da unidade de convivencia maiores de 16 anos, tanto que os seus ingresos teñan carácter regular como irregular.*

d) *Certificacións actuais de pensións, prestacións ou subsidios expedidos polos organismos correspondentes: INEM, Seguridade Social, Xunta de Galicia, de cada un dos compoñentes da unidade de convivencia.*

e) *Nos casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade de convivencia, recadarase a declaración responsable sobre eles (declaración xurada).*

f) *Convenio regulador sobre garda e custodia dos menores e pensión de alimentos.*

g) *Contrato de aluguer ou de hipoteca.*

h) *Extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas que integran a unidade de convivencia, correspondentes aos doce meses inmediatamente anteriores á formulación da solicitude."*

**A base 11** queda redactada como segue:

*"1. A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais.*

*2. Atenderanse a todos os solicitantes por orden de menor a maior renda per cápita ata esgotar os alimentos determinados para cada reparto. En función da dita renda per cápita e dos alimentos que consten en stock elaboraranse os correspondentes lotes para as familias.*

*3. A fin de establecer a orde de atención, os servizos sociais municipais darán prioridade ás unidades de convivencia solicitantes nas que residan menores a cargo. Teranse igualmente en conta os signos externos de riqueza, a economía somerxida ou calquera outro aspecto que poda resultar relevante.*

*4. A entrega dos lotes será realizada por parte do persoal dos servizos sociais municipais, debendo os receptores asinar a súa recepción."*

**O punto 2º do apartado "declara baixo a súa responsabilidade" do Anexo I** queda redactado como segue:

*"2. Que non reciben doutra entidade axudas para a mesma finalidade que resulten incompatibles coas que agora se solicitan."*

**3.** No punto terceiro da parte dispositiva da proposta da alcaldía, onde di:

*"TERCEIRO.- Advertir que contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen dítarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo*





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.”*

Debe dicir:

*“TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende a súa publicación, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende a súa publicación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.”*

4. En atención ás modificacións anteriormente relacionadas, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Levantar os reparos formulados polo interventor municipal e aprobar as bases específicas que rexerán o funcionamento do programa de alimentos municipal, co texto que se insire a continuación:

### **“BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE ALIMENTOS MUNICIPAL**

*As presentes bases específicas, que rexerán o funcionamento do Programa Municipal de Alimentos (PAM), estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.*

#### **1. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA**

*O Concello de Nigrán, asumindo as competencias recoñecidas no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, procede a ditar as bases polas que se rexerá o Programa de Alimentos Municipal (PAM).*

#### **2. OBXECTO DAS AXUDAS**

*O Programa de Alimentos Municipal (PAM) ten por obxecto a cobertura das necesidades básicas de manutención daquelas persoas empadroadas e residentes no Concello de Nigrán que se encontren en situación de exclusión social debido á súa precariedade económica ou carencia de ingresos, de xeito que se garanta a cobertura duns mínimos de subsistencia á unidade de convivencia. Así mesmo, constitúe unha medida excepcional e urgente ante situacións carenciais de gran necesidade.*

#### **3. BENEFICIARIOS/AS**

*Poderán beneficiarse do PAM persoas individuais ou unidades de convivencia. Entenderase por unidade de convivencia a formada por persoas que habitan no mesmo domicilio.*

#### **4. REQUISITOS**

1. *Ser maior de idade ou menor emancipado/a.*



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tño. 986 365 000 Fax 986 383 931

2. *Estar empadroados os membros da unidade de convivencia e ter residencia efectiva no concello de Nigrán cunha antelación mínima de 6 meses no momento da solicitude.*
3. *Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nas presentes bases.*

### 5. CÓMPUTO DE INGRESOS

*Para poder beneficiarse do PAM, os ingresos económicos das unidades de convivencia en función do número de membros das mesmas non poderán superar en ningún caso os límites establecidos na seguinte táboa:*

1 membro .....	532,51€/mes
2 membros.....	665,64 €/mes
3 membros.....	798,77€/mes
4 membros.....	985,15€/mes
5 membros.....	1171,53 €/mes
6 membros.....	1384,53 €/mes
7 membros.....	1597,53 €/mes
8 membros.....	1840,53 €/mes
9 membros.....	2023,53 €/mes
10 membros.....	2236,53 €/mes

*As anteriores contías aplicarase a variación do IPREM que anualmente corresponda.*

*Así mesmo, tampouco poderán beneficiarse do PAM aquelas unidades de convivencia que teñan rendementos patrimoniais, diñeiro a prazo fixo, accións, etc ou saldos en conta bancaria superiores a 2.000€.*

### 6. DETERMINACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS

1. *Para determinar os ingresos por debaixo dos cales poderá procederse ao recoñecemento das axudas teranse en conta os ingresos de toda a unidade de convivencia.*
2. *A renda per cápita da unidade de convivencia obtense da diferenza entre os recursos da unidade de convivencia e os gastos deducibles, dividido entre o número de integrantes da unidade de convivencia.*
3. *Computaranse como recursos da unidade de convivencia a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outra, nos 12 meses anteriores á data de solicitude.*

*No caso de existencia de recursos dinerarios depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% da cantidade depositada nos 12 meses anteriores á data da solicitude. Así mesmo terase en conta o saldo medio das contas correntes de toda a unidade de convivencia no mesmo período.*

*Pola súa parte, serán gastos deducibles os alugueres e hipoteca da vivenda, ata 300 euros ao mes.*

### 7. CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO

*As axudas a achegar obtéñense polo Concello a través de donacións por diferentes entidades sociais, persoas físicas, ou ben mediante adquisición directa por parte do Concello, de xeito que a concesión de axudas estará vencellada á dispoñibilidade de*



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*produtos.*

*No caso de que o Concello deba adquirir produtos para dotar ao PAM, acudirse aos créditos orzamentarios que, no seu caso, se establezan no orzamento vixente en cada momento para gastos dos servizos sociais.*

### **8. TIPOS DE AXUDAS**

*As axudas consistirán na entrega de lotes de produtos alimenticios básicos, subministrados previamente por donación de diferentes entidades sociais, persoas físicas ou por dotación do propio Concello.*

*Os lotes comporanse principalmente de produtos non perecedoiros e produtos hixiénicos e, ocasionalmente, de produtos frescos.*

### **9. XESTIÓN DO PROGRAMA DE ALIMENTOS MUNICIPAL**

*O persoal técnico dos servizos sociais municipais será o encargado das seguintes tarefas:*

- Recepción dos produtos.*
- Xestión do stock.*
- Control das entradas e saídas de produtos.*
- Asignación e reparto dos lotes*
- Determinación do contido dos lotes e das cantidades dos mesmos por unidade de convivencia.*
- Control das caducidades.*
- Realización de inventarios.*
- Hixiene do local e dos produtos.*
- Xestión de entregas.*
- Elaboración de informes.*

*Os servizos sociais municipais poderán contar con persoal voluntario para a elaboración dos lotes, facilitando previamente ao voluntario plantillas coa composición de cada lote.*

### **10. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

*1. As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse por calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No entanto o Concello non dispoña dunha sede electrónica operativa, as solicitudes admitiranse en formato papel no Rexistro Xeral municipal ou por calquera outro dos medios admitidos no precepto citado.*

*2. As solicitudes presentaranse cumprimentando o modelo que se incorpora (ANEXO I), asinando autorización e consentimento para recadar os documentos que obren nesta ou outras Administracións, así como a información adicional que se considera necesaria para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través de calquera dos medios previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común.*

*3. O prazo para formular solicitudes manterase aberto con carácter permanente baixo a vixencia das presentes bases, suxeito, en todo caso, á dotación de existencias da que se dispoña en cada momento.*

*4. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación de todos os membros da familia:*



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tño. 986 365 000 Fax 986 383 931

- a) *Fotocopia do documento nacional de identidade ou tarxeta de identificación de estranxeiro/a relativa a súa residencia legal en España de toda a unidade de convivencia.*
- b) *Fotocopia da declaración de I.R.P.F do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado/a a presentala, certificación negativa da Axencia Estatal de Administración Tributaria relativa aos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.*
- c) *Certificación actual de haberes emitida pola empresa/s ou nóminas. No seu defecto achegarase xustificación de ingresos dos últimos 6 meses, de cada un dos compoñentes da unidade de convivencia maiores de 16 anos, tanto que os seus ingresos teñan carácter regular como irregular.*
- d) *Certificacións actuais de pensións, prestacións ou subsidios expedidos polos organismos correspondentes: INEM, Seguridade Social, Xunta de Galicia, de cada un dos compoñentes da unidade de convivencia.*
- e) *Nos casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade de convivencia, recadarase a declaración responsable sobre eles (declaración xurada).*
- f) *Convenio regulador sobre garda e custodia dos menores e pensión de alimentos.*
- g) *Contrato de aluguer ou de hipoteca.*
- h) *Extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas que integran a unidade de convivencia, correspondentes aos doce meses inmediatamente anteriores á formulación da solicitude.*

### **11. TRAMITACIÓN**

1. *A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais.*
2. *Atenderanse a todos os solicitantes por orden de menor a maior renda per cápita ata esgotar os alimentos determinados para cada reparto. En función da dita renda per cápita e dos alimentos que consten en stock elaboraranse os correspondentes lotes para as familias.*
3. *A fin de establecer a orde de atención, os servizos sociais municipais darán prioridade ás unidades de convivencia solicitantes nas que residan menores a cargo. Teranse igualmente en conta os signos externos de riqueza, a economía somerxida ou calquera outro aspecto que poda resultar relevante.*
4. *A entrega dos lotes será realizada por parte do persoal dos servizos sociais municipais, debendo os receptores asinar a súa recepción.*

### **12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

*Os beneficiarios das axudas do PAM terán as seguintes obrigas:*

- a) *Destinarán a axuda para a finalidade para a que foi concedida.*
- b) *Non poderán recibir axuda para a mesma finalidade doutra entidade coa que o Concello teña asinado convenio, e así o estableza o mesmo.*
- c) *Non renunciarán sen causa xustificada aos programas de comedor social.*
- d) *Non poderán comerciar coa axuda recibida.*





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Aluguer:  Si  Non      Importe: \_\_\_\_\_  
Hipoteca:  Si  Non      Importe: \_\_\_\_\_

### **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1. Que todos os membros da unidade de convivencia están empadroados no Concello de Nigrán.
2. Que non reciben doutra entidade axudas para a mesma finalidade que resulten incompatibles coas que agora se solicitan.
3. Que non venderán os alimentos recibidos, xa que son para a súa unidade de convivencia.
4. Que comunicarán aos servizos sociais municipais calquera variación da súa situación sociofamiliar e económica que podan modificar as circunstancias expostas nesta solicitude.
5. Que permitirán e facilitarán la actuación dos servizos sociais municipais para avaliar a súa situación sociofamiliar, realizar seguimento e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que foi concedida.

### **SOLICITA,**

Que se inclúa á unidade de convivencia no Programa Municipal de Alimentos.

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ .

Sinatura:

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN."

**SEGUNDO.-** Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

**TERCEIRO.-** Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende a súa publicación, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende a súa publicación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pasou o mesmo que o sinalado no punto anterior. Tamén se formula a emenda que foi remitida.

*D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* No apartado 11 hai algo que non se entende, porque se supón que os alimentos non deben esgotarse.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Poden acabarse os fondos municipais cos que se mercan.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Apoiarán a ordenanza. No caso de que se esgoten os alimentos haberá que tomar medidas.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* De novo, falta dilixencia á hora de levar os expedientes informados á Comisión.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Reitera o dito no punto anterior. O importante é saber que os recursos son limitados. O punto cuestionado podería mellorarse na súa redacción.

**Votación e acordo sobre a proposta contida na emenda da Alcaldía.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello aproba nos seus propios termos a proposta de acordo contida na emenda da Alcaldía-Presidencia.

### **I.4.- SOLICITUDES DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL E DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (I.B.I.) PARA O EJERCICIO 2017**

Antecedentes:

A) Ditame da Comisión

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 14 de decembro de 2016, informa favorablemente o expediente das *solicitudes de declaración de especial interese ou utilidade municipal e de bonificación do imposto sobre bens inmobles (I.B.I.) para o exercicio 2017*, quedando pendente da incorporar ao citado expediente a proposta da Alcaldía.

B) Proposta da Alcaldía do 14-12-2016

Vistas as solicitudes formuladas polas entidades: "CRC O Torreiro de Priegue", "Asociación Cultural As Angustias", "Centro Cultural e Deportivo Bolos da Carrasca", "A.V.A.C. A Unión" e "Asociación de Veciños A Camoesa" solicitando ser declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais, aos efectos da aplicación da bonificación do 95% da cota íntegra do Imposto de Bens Inmobles, prevista no punto 4 do artigo 6 de Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles (IBI).

Propón ó Pleno do Concello de Nigrán a adopción do seguinte acordo:

Aceptar as peticións formuladas polas entidades citadas e bonificar cdo 95% da cota íntegra do Imposto de Bens Inmobles.

C) Informe da Intervención Municipal do 20-12-2016, no que formula reparos.

D) Emenda do grupo Nigrán Decide, propoñendo que se acorde declarar de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias culturais, as actividades que se desenvolven nos inmobles das entidades citadas, aos efectos da bonificación do 95% da



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

cota íntegra do imposto prevista no punto 4 do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles de Nigrán.

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Le a súa proposta, emitida tras a Comisión Informativa. Hai unha emenda adicional de Nigrán Decide.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* O que se pretende coa emenda é mellorar a proposta. Suxiren é que se acorde declarar de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias culturais, as actividades que se desenvolven nos inmobles das entidades citadas na proposta, aos efectos da bonificación do 95% da cota íntegra do imposto prevista no punto 4 do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles de Nigrán.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* A cuestión é xusta no seu fin, non tanto nos medios. O informe da Intervención formula reparos suspensivos e hai que levantalos. No futuro haberá que mellorar. Absteranse.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Hai unha proposta da Comisión e outra do Goberno, ao que se une a emenda de Nigrán Decide. Ao mellor a proposta da Comisión é máis acertada e debe partirse dela.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Na Comisión só había as peticións, non unha proposta. O Pleno non é o que aplica a bonificación. O que ten que facer é declarar o especial interese de certas actividades, que realmente non son económicas. Pensa que estas entidades teñen que pagar IBI sen prexuízo de que o Concello compense ás entidades polo uso que fai deses inmobles. Non se fai así, senón que se forza o precepto das bonificacións. Absterase.

*Sr. Alcalde-Presidente:* As actividades que se fan producen un beneficio para a comunidade. Se alguén ten unha proposta mellor, que a traia ao Pleno.

*Sr. García Pazos:* O alcance é anual segundo a ordenanza. Espera que se mellore a solución.

*Sr. Cuevas Raposo:* Pensa que a fórmula é transparente. Isto require que veña o asunto ao Pleno para que se pronuncie.

*Sr. Fernández Comesaña:* A emenda vai na liña do ditaminado pola Comisión. Apoia a iniciativa.

*Sr. Rodríguez Fernández:* No Pleno pasado aplicouse con carácter retroactivo unha disposición favorable para os administrados, para el ten sentido. Isto parécelle máis grave, porque se bonifica algo que non cabe. Pensa que se pode acudir á vía do convenio, pero ben feito, prevendo a contrapartida á que antes se referiu.

*Sr. Fernández Comesaña:* Pensa que se debe corrixir a redacción no sentido que indicou.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Somete á votación a redacción corrixida indicando que a súa





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

aprobación comporta o levantamento dos reparos da Intervención.

*Sr. García Pazos:* Debería terse en conta que estas Entidades poderían optar a unha exención.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PP e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda levantar os reparos da Intervención e declarar de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais as actividades que se desenvolven nos inmobles das entidades "CRC O Torreiro de Priegue", "Asociación Cultural As Angustias", "Centro Cultural e Deportivo Bolos da Carrasca", "A.V.A.C. A Unión" e "Asociación de Veciños A Camoesa", aos efectos da bonificación do 95% da cota íntegra do imposto prevista no punto 4 do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles de Nigrán.

### I.5.- PROPOSTA DE APOIO Á PETICIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE BOLOS

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 15 de decembro de 2016, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

"Visto o escrito, presentado no Rexistro de Entrada do Concello de Nigrán o 24/11/2016, de Isidro Costas Piñeiro en representación da Federación Galega de Bolos, na súa cualidade de Presidente, no que se solicita que o Pleno do Concello mostre o seu apoio para que os bolos sexan declarados como ben inmaterial de interese cultural-etnográfico inmaterial, dentro do patrimonio cultural de Galicia, co fin de solicitar ó Parlamento Galego esta declaración.

Propón ó Pleno do Concello de Nigrán a adopción do seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO.-** Mostrar o apoio do Pleno do Concello de Nigrán para que os bolos sexan declarados como ben inmaterial de interese cultural-etnográfico inmaterial, dentro do patrimonio cultural de Galicia.

**SEGUNDO.-** Remitir este acordo á Federación Galega de Bolos e ó Parlamento de Galicia co fin de solicitar que se leve adiante a referida declaración."

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Resume a proposta, facendo fincapé que foi asumida por todos os grupos municipais.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### I.6.- PLAN DE AFORRO NA FACTURA DE ELECTRICIDADE

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 15 de decembro de 2016, acordou ditaminar favorablemente a moción do grupo municipal Nigrán Decide que, rectificada na na propia Comisión, di:

#### "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. No pleno da corporación de Nigrán celebrado o 31 de marzo de 2016 aprobouse por unanimidade unha proposta sobre cidades libres de CO<sub>2</sub>, que na súa exposición de motivos di:

Os municipios temos a oportunidade de actuar dende o local converténdose no soporte básico sobre o que se sustenten as necesarias medidas de freo contra o "quentamento global". Unha actuación conxunta das entidades locais pode orixinar un gran descenso das emisións causantes do cambio climático. O tempo de actuación para previr as peores consecuencias esgótase, polo que é imprescindible que tomemos medidas urxentes que non só conseguirán evitar os peores efectos do cambio climático, senón que redundarán nun incremento da calidade de vida dos cidadáns.

Dentro do punto primeiro acordouse, ademais de identificar os focos de emisións de gases de efecto invernadoiro máis importantes no Concello de Nigrán, desenvolver e aprobar unha Estratexia de loita contra o Cambio Climático, que inclúa un plan de aforro e eficiencia enerxética e un plan de mobilidade sostible.

2. O Concello de Nigrán gasta anualmente en torno aos 700.000 euros de factura eléctrica, sendo aproximadamente un 10 % do gasto corrente anual do concello.

Dentro do consumo eléctrico, a partida máis importante é a que se gasta en alumeadado público, formado por 7.273 puntos de luz, sendo aproximadamente de 550.000 euros, gastándose no resto das instalacións do concello 150.000 euros, aproximadamente.

Como consecuencia do consumo eléctrico no alumeadado público emítense a atmosfera toneladas de CO<sub>2</sub> anualmente.

Actualmente o gasto eléctrico adxudicase directamente a unha empresa, sendo numerosos os informes técnicos que indican a necesidade de acudir á contratación nun mercado liberalizado, para producir aforros no gasto na factura eléctrica, tal como ocorre noutros concellos.

3. O Concello de Nigrán realizou unha auditoría das instalacións de alumeadado



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

público do Concello de Nigrán, de cuxos resultados pódense desprender as seguintes conclusións:

- Cun simple cambio de contrato da potencia e a tarifa contratada, en numerosos subministros de alumado público podería producirse un aforro para o Concello de 38.347,90 euros anuais.
- Existen numerosas instalacións de alumado público do Concello de Nigrán que son facturadas a tanto alzado, ao carecer de contador.
- Existen numerosas instalacións eléctricas de alumado público que non están adaptadas ao Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión actualmente vixente desde o ano 2002, indicando que nalgúns casos se atopan instalacións con deficiencias substanciais, que impiden garantir a seguridade das mesmas.
- Cuns investimentos de 3.897.515,77 euros aos que habería que engadir o IVE podería reducirse a factura eléctrica en 403,881,87 euros anuais e reduciríanse as emisións de CO2 en 598,28 toneladas anuais.

4. O grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE entende que o investimento proposto por dita auditoría para cambiar é inviable para o Concello de Nigrán en circunstancias normais, pero iso non é escusa para que se adopten unha serie de medidas para reducir a factura eléctrica e o consumo eléctrico ou a mellora da seguridade das instalacións, polo que consideramos que dentro do orzamento deberíase dedicar unha partida para a adaptación do alumado públicos ás condicións propostas. Cremos que 100.000 euros sería unha cantidade asumible para os orzamentos do Concello, que sería aumentada anualmente cos aforros na factura eléctrica producidos polas medidas de licitación ou similares do subministro eléctrico e os que se produzan como consecuencia das actuacións propostas na auditoría.

Entre as medidas que poderían adoptarse con carácter inmediato que non necesitarían ningún investimento estarían o cambio de potencias e tarifas recomendados pola auditoría do alumado público do Concello de Nigrán e a licitación ou a adhesión a algún acordo marco do subministro de electricidade nas instalacións do Concello de Nigrán.

É por todo isto polo que o grupo municipal de NIGRÁN DECIDE propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno Concello de Nigrán insta ao goberno municipal e ao Alcalde a:

- 1.- Que solicite con carácter inmediato o cambio de potencias e tarifas recomendados pola auditoría do alumado público do Concello de Nigrán.
- 2.- Que licite ou se empregue outra forma prevista na lexislación de contratos o subministro eléctrico de todas as instalacións do Concello, onde sexa posible realizalo.
- 3.- Que se realice unha valoración do risco para a seguridade das persoas das instalacións de alumado público de Nigrán para determinar se algunha delas pode representar un risco importante ou intolerable para a saúde das persoas.



4.- Que se realice un plan de investimentos a curto, medio ou longo prazo, para adaptar todas as instalacións de alumado público de Nigrán, que se se priorizarán tendo en conta a valoración de riscos mencionada no punto 3 e o aforro previsto na auditoría polo cambio de luminarias por unhas con tecnoloxía LED, para o cal como mínimo empregárase unha partida de 100.000 euros, que se incrementaría anualmente coa cantidade de diñeiro correspondente ao aforro na factura eléctrica do Concello como consecuencia da realización das medidas propostas neste acordo, recorrendo se é necesario e axeitado á liñas de financiamento.”

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Resume a proposta que deu lugar ao ditame da Comisión, así como as razóns que a sustentan. Dálle lectura á parte dispositiva do acordo proposto.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Recoñece o esforzo do proponente. O que chama á atención é que a Alcaldía non se ocupase xa de poñer isto en marcha.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Encargouse en febreiro de 2015 e excedeuse o prazo da execución. Non coñece os termos exactos do traballo, pero hai aspectos chocantes. Parécelle imposible que haxa tantos puntos de luz sen contador. Pensa que esa situación xa se resolvera no seu período de goberno. Non é certo que estas instalacións que se citan non teñan contador. Iso sen mencionar as contradicións internas da propia auditoría. Pensa que o aforro estimado debe ser moi superior ao sinalado. Tamén hai exceso de iluminación, o que debería corrixirse. Entende que se debería revisar o traballo da auditoría, que estaba suxeito a un prego moi esixente. Ademais hai outras instalacións do Concello pendentes de analizar. Tamén se debe controlar a facturación da compañía e o contrato de subministro, buscando sistemas de alumado máis eficientes.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Sorprendéronlle as conclusións da auditoría en canto ao aforro estimado. Tamén se prevía un investimento non asumible. Propón que os servizos técnicos de infraestruturas contrasten as conclusións da auditoría naqueles aspectos conflitivos. Ademais, debería revisarse a contratación do subministrador. O acudir a plataformas de contratación impide a competencia e elimina a posibles subministradores locais. O Concello podería abordar subministracións para distintos servizos con carácter independente.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Falarán cos servizos técnicos, pero iso non impide que apoiem a moción.

*Sr. Cuevas Raposo:* A auditoría é un punto de partida. Hai unha parte importante a tanto alzado. A auditoría ven con planos que soportan certas consideracións. Hai que investir para mellorar. Abarca distintas instalacións. Podería modificarse o punto 1 do acordo, supeditándoo a informe técnico.

*Sr. Fernández Comesaña:* Desde que se recibiu a auditoría xa se puido tomar algunha medida das suxeridas. Está de acordo con que se verifique polos servizos técnicos.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.7.- MOCION DE URXENCIA:**

#### **INTEGRACIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE VIGO NO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA**

Formulada polo grupo municipal do Partido Popular, co seguinte texto:

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A aprobación da lei da Área Metropolitana e a súa posta en marcha na área metropolitana de Vigo supón a posibilidade de por en común unha serie de necesidades que compartimos todo s os veciños e veciñas que formamos parte da Área Metropolitana de Vigo, e que nos poderá servir para encontrar solucións a estas necesidades compartidas.

Un dos asuntos que de maneira máis inmediata se pud o por en marcha e que daba solución a moitos problemas de mobilidade entre os concellos da área, foi precisamente a posta en funcionamento do Transporte Público Metropolitano.

O pasado 22 de febreiro de 2016, os representantes da Xunta de Galicia e dos concellos de Vigo, Redondela, Cangas, Moaña, Nigrán, O Porriño, Mos, Gondomar, Baiona, Salvaterra de Miño, Salceda de Casetas, Soutomaior, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, asinaron o acordo dos 14 concellos á incorporación do Concello de Vigo ó Plan de Transporte Metropolitano de Galicia. Ademais, o concello de Vigo, a xunta de Galicia e a empresa Vigués de Transportes S.A. (VITRASA), asinaron o pasado 6 de xullo de 2016 un convenio de colaboración para a integración do concello de Vigo na área de transporte metropolitano.

Sen embargo, a realidade é que a actitude do alcalde de Vigo, está a supor que esta integración aínda non se fixera efectiva, e que a posta en marcha do verdadeiro transporte metropolitano entre os concellos que conformar a área metropolitana de Vigo non esté sendo completa e acorde ca asinado, o que está a xerar unha verdadeira discriminación entre concellos e, o que é máis importante e grave, entre veciños e veciñas da área en función do concello no que residan. Pero ademais, o propio alcalde de Vigo, Abel Caballero, está a anunciar medidas que aínda irían máis alá totalmente contrarias o espírito da área metropolitana e que agravarían esa discriminación entre veciños que integran a Área Metropolitana, e qu e por elo discriminan aos veciños e veciñas de Nigrán, considerándoos cidadáns de segunda categoría.

A día de hoxe, un veciño ou veciña de Nigrán que esté a utilizar o transporte metropolitano cara a Vigo, paga 0,85 euros poro billete do bus interurbano, e o chegar a Vigo paga 1,32 euros polo Vit rasa, o qu e supón un total de 2,17 euros. Co cumprimento do convenio e do



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tño. 986 365 000 Fax 986 383 931

asinado polo alcalde de Vigo, os veciños e veciñas de Nigrán só pagarían 0,85 euros, sendo o trasbordo en Vigo a hora de utilizar o Vitrasa, gratuito. Se estes datos os trasladamos a un exemplo de unha persoa que traballe en Vigo e teña que desprazarse de Nigrán a Vigo todos os días, estaría pagando de máis uns 2,64 euros/día (correspondentes ao Vitrasa ó chegar a Vigo, e o billete do Vitrasa ó saír de Vigo); estaría a pagar 13,20 euros de máis a semana; 52,80 euros de máis cada mes; e 633,30 euros de máis o ano.

Por todo isto, o grupo municipal popular do concello de Nigrán propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO:** Que o alcalde de Vigo incorpore o transporte urbano ó plan de transporte metropolitano en todos os termos acordados con todos os alcaldes e firmados.

**SEGUNDO:** Que o alcalde de Vigo cese na intención de adoptar medidas discriminatorias que pretenden converter os veciños e veciñas de Nigrán en cidadáns de segunda categoría.

**TERCEIRO:** Que o concello de Nigrán, así como os seus representantes na área metropolitana de Vigo, exixen para participar na área a integración efectiva do transporte urbano de Vigo no plan de transporte metropolitano de Galicia, cesando a discriminación dos nosos veciños no uso do mesmo.

### **Deliberación sobre a urxencia. Síntese das intervencións:**

*D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:* Descúlpase por non presentala antes. Pensa que dado o seu contido pódese tratar agora.

**Votación e acordo relativo á urxencia.-** Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

### **Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:* O transporte é un servizo esencial da Área Metropolitana, que está incompleta pola posición do Concello de Vigo, que non facilita a conexión urbana. Trátase de que se cumpran os compromisos adquiridos polo Alcalde de Vigo. Le a parte dispositiva e sinala que os grupos coñecen o problema e a moción tamén, porque se lle remitiu o luns.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non ten precedentes o interferir no goberno de Vigo. A Área de Vigo na que está Nigrán xa está en marcha. O que o PP non admite é que non ten maioría na Área. Os demais grupos apostan pola Área e polos servizos que vai prestar. Votarán en contra.



*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Hai diferencias de criterio ou interpretación. Vigo admite os transbordos á ida e á volta. A Xunta pretende un uso indiscriminado do transporte urbano á conta do Concello de Vigo. Están de acordo con que se poña en marcha admitindo a proposta de Vigo e se a Xunta non está de acordo, que decida o contencioso. O apartado terceiro da proposta vai máis alá do que permite a competencia municipal.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Isto é unha guerra entre o PP e o PSOE, usando a Área Metropolitana como instrumento. Non lle parecen moi razoables os termos da moción personalizando no Alcalde de Vigo o requirimento. Absterase dadas as circunstancias.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo do BNG:* É un erro personalizar no Alcalde de Vigo o acordo. Como moito debería instarse a que faga algo, pero non acordar que o faga. Tampouco poden darselle ordes aos representantes municipais na Área. Unha parte si podería aceptarse, no sentido da integración de Vigo no transporte metropolitano, que debería financiar o Estado e a Xunta preferentemente.

*Sr. Valverde Pérez:* Non lle preocupa tanto o posicionamento político dos dous partidos, senón os intereses dos veciños. Formalmente, podería referirse ao Concello de Vigo. A cuestión non é de palabras, senón do concepto, que é o de que o Concello de Vigo asumiu a integración do seu transporte urbano no sistema metropolitano. Está aberto a modificar a proposta con tal de beneficiar aos veciños de Nigrán.

*Sr. Cuevas Raposo:* O Concello de Vigo xa acepta un ou dous transbordos. Polo tanto, xa se aforrarián os cartos de máis que di a moción.

*Sr. Valverde Pérez:* O seu criterio é que a tarifa do transporte metropolitano sexa plana.

*Sr. Fernández Comesaña:* A moción non parece buscar o acordo, senón todo o contrario. A Área non avanza, porque hai sucesivos boicots á mesma. Absterase.

*Sr. Alcalde-Presidente:* É unha moción análoga á presentada noutras institucións.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Hai precedentes noutras áreas que levaron adiante un transporte integramente metropolitano. Propón unha redacción alternativa no sentido de que concello de Nigrán esixe para participar na área a integración efectiva do transporte urbano de Vigo no plan de transporte metropolitano de Galicia, cesando a discriminación dos nosos veciños no uso do mesmo.

#### **Texto transaccional (PP-BNG) que se somete á votación:**

O concello de Nigrán esixe para participar na área a integración efectiva do transporte urbano de Vigo no plan de transporte metropolitano de Galicia, cesando a discriminación dos nosos veciños no uso do mesmo.

**Acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PP e BNG.
- Votos en contra: 7; PSOE.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tño. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Abstencións: 3; Nigrán Decide e UCN.

Á vista do empate, procédese a unha segunda votación ordinaria (art. 100.2 do ROF), co seguinte resultado:

- Votos a favor: 7; PP e BNG.  
- Votos en contra: 7; PSOE.  
- Abstencións: 3; Nigrán Decide e UCN.

Persistindo o resultado de empate na votación, e co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta.

### II.- COMUNICACIÓNS E CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

#### II.1.- COMUNICACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP: MODIFICACIÓN DA ORDE DAS PORTAVOCÍAS

Na sesión plenaria do día 25 de xuño de 2015 quedou constancia da constitución do grupo político municipal integrado polos Concelleiros elixidos na lista do Partido Popular, tomándose razón do escrito de 17 de xuño de 2015 (nº entrada 7.698) referido a indicada constitución.

O 7 de decembro de 2016 (nº entrada 15.358) D. Aberto García Pazos, en representación do Partido Popular, comunica modificación da orde das portavocías do referido grupo, que, á raíz do mesmo, queda do seguinte xeito:

D. Alberto Valverde Pérez	Voceiro do grupo
D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto	Voceira 2ª
D. Modesto Martínez Sienes	Voceiro 3º
D.ª Liliana Silva Pequeño	Voceira 4ª
D. Alberto García Pazos	Voceiro 5º
D. Miguel Alonso Fernández	Voceiro 6º

#### II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBOXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

Trátase do informe da Intervención municipal que a seguir se identifica:

- Rfa. T 182/16  
- Data de emisión: 31-10-2016  
- Epígrafe: Obxectivo de estabilidade orzamentaria, "Regla do gasto" do nivel de débeda viva e de previsións de vencementos, estimados a 31-12-2016 cos datos do terceiro trimestre de 2016.

#### II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Trátase da documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 3.º trimestre do 2016, datada o 17-10-2016

### II.4.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

Trátase da documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre relacións contables con reparos aprobadas no terceiro trimestre 2016.

### II.5.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á SUBSTITUCIÓN DO TITULAR DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia das Resolucións da Alcaldía dictadas entre o 2 de novembro de 2016 e o 30 de novembro de 2016, ambos incluídos.

O pleno toma razón da seguinte Resolución do 7 de decembro de 2016 da Primeira Tenente de Alcalde, Alcaldesa en funcións D<sup>a</sup>. Raquel Giráldez Armas, que se transcribe:

#### *SUBSTITUCIÓN DO TITULAR DA ALCALDÍA*

**Expediente:** Organización Municipal

**Número:** 2015/025S

*Tendo en conta o disposto no art. 47.2, b), parágrafo 2 do RD 2568/1986, de 28 novembro de 1986 (Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), e que o titular da Alcaldía D. Juan Antonio González Pérez ausentouse do termo municipal por un período superior a 24 horas, sen ter conferido delegación.*

*Tendo en conta que por Decreto da Alcaldía de 15-06-2015 (BOP 16-07-2015) a autora da presente resolución foi nomeada primeira Tenente de Alcalde do Concello coas atribucións que se consignan no referido art. 47, en uso das mesmas **RESOLVE:***

*Substituír ao Sr. Alcalde Presidente no exercicio das súas funcións ata o momento no que se reincorpore á Alcaldía, e dar conta á Corporación.*

### II.6.- ROGOS E PREGUNTAS

*Sr. Alcalde-Presidente:* Indicarlles que xa chegou a autorización da Xunta de Galicia para iniciar o proxecto de prospección arqueolóxica para a localización e delimitación para o Plan Xeral dos xacementos arqueolóxicos. Chegou o pasado 13 de decembro e xa se lle comunicou á empresa. Teñen 22 días para facer os traballos dunha actividade preventiva que se incorporará ao Plan. A ver se no primeiro trimestre do ano que ven xa está todo incluído, coas alegacións, e podemos ter a reunión da Corporación co equipo redactor e co Consello Sectorial.

1.- D<sup>a</sup>. Lilitana Silva Pequeño, do grupo Popular:



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

1.1. ¿Hay algún acuerdo con la concesionaria de la cafetería Playa?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

1.2. ¿Teneis conocimiento de que no están cumpliendo el horario?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pode que non cumbran o horario de apertura.

*Sra. Silva Pequeño:* De apertura y de cierre.

1.3. ¿Y conocimiento de que informan a los usuarios de las pistas que ellos no gestionan las pistas y que ellos no las cobran? ¿Y de que las luces están encendidas todas las noches, todas las pistas, estén utilizadas o no?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non temos constancia.

**2.- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide:**

2.1. Respecto á Lei de Memoria histórica pensa o goberno tomar algunha medida para cumprir a lei 52/2007 de 27 de decembro, pola que se recoñecen dereitos e se amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, como a eliminación de símbolos fascistas?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si.

2.2. Este mes cumpriuse o primeiro ano de incumprimento da lei de transparencia por parte do seu goberno, por canto tempo máis pensa seguir incumprindo a lei de transparencia?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O Concelleiro Diego di que cumprimos unha parte. Depende dun novo portal web que está en marcha.

*Sr. Mosquera Nogueira:* Que parte se cumpre?

2.3. En varios Plenos fíxenlle rogos e preguntas para realizar unha ordenanza de venda ambulante, cando pensa traer a aprobación inicial dita ordenanza?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está no departamento xurídico.

**3.- José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:**

3.1. Cales son os informes sectoriais necesarios para aprobar o proxecto de obra de abastecemento a Parada que vai acometer AQUALIA?

*Sr. Alcalde-Presidente:* A Consellería de Medio ambiente seguro, e Estradas seguro.

*Sr. Cuevas Raposo:* Solicítáronse?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Que eu teña constancia, están pendentes de aprobación final



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

do proxecto por parte de AQUALIA, porque se está valorando se un camiño polo que sería interesante que pasara é público ou privado. Están os técnicos municipais en colaboración con AQUALIA deliberando se se mete por aí ou pola estrada.

3.2. Segundo informacións que teño, hai persoas que pagaron as taxas ao Concello para realizar a conexión ao saneamento e tamén pagaron as obras a AQUALIA e sen embargo AQUALIA non realiza a conexión, ¿pensa adoptar algunha medida o goberno municipal para obrigar a AQUALIA a cumprir o contrato e que conecte o saneamento a estas persoas?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Unha vez asinado o contrato de subministro o plan de execución do enganche é aproximadamente de 15 días, e se está pagado a AQUALIA e están pagadas as taxas do Concello e presentada toda a documentación necesaria, como o xustificante de pago, decreto da Alcaldía, DNI e acreditación da titularidade, faise a conexión. Non hai constancia de que haxa ninguén a quen non se lle conecte porque si.

3.3. En relación á taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas, reserva de vía pública para aparcamento exclusivo, formulo as seguintes preguntas:

Cal é o número de contribuíntes desta taxa que figuraba no padrón do ano 2012?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non se poden comparar os padróns do 2012 e 2013 porque se cambiou a ordenanza. No 2012 ía incluído co padrón do lixo e os recibos eran por cada piso ou casa e había 3.267 recibos.

Cantas altas de oficio se realizaron?

*Sr. Alcalde-Presidente:* No ano 2013 foron 1.610 recibos, porque no caso dos pisos vai á comunidade de propietarios.

Cantas reclamacións presentaron os veciños?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Unhas 150.

Cantas foron contestadas?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Unhas 130 e pico.

3.4. Teñen convenio co Concello todas as asociacións ou entidades que utilizan locais ou instalacións municipais?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

3.5. No Pleno do 27 de outubro o noso grupo municipal preguntoulle cando se iniciara o expediente para reclamar aos servizos pagados e non realizados por parte de CESPÁ, contestando vostede "estase traballando coa auditoría, cos técnicos municipais e coa empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo para que o resultado non supoña un problema para o Concello e supoña un beneficio, que é o que queremos todos", para finalizar sinalando que non iniciaran ningún expediente. A resposta, na nosa opinión. non é de todo correcta, xa que o 1 de abril de 2016



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

trasláduselle a CESPAs un escrito que no asunto poñía "licitación a CESPAs", no que se lle daba un prazo de 10 días para que fixera as alegacións que estimara pertinentes. Despois de varios aprazamentos, finalmente o 1 de xuño CESPAs presentou as alegacións que considerou oportunas. ¿Que outras actuacións se fixeron dende o Concello con indicación da data en que se fixeron con relación a este expediente?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estase en fase de negociación entre a empresa, a empresa auditora e o propio Concello para que o resultado sexa o mellor posible para todos os cidadáns de Nigrán.

*Sr. Cuevas Raposo:* ¿Abriuse un proceso de negociación de forma oficial? Hai algún documento que acredite esa negociación?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Haino e o haberao dentro duns días máis oficial.

*Sr. Cuevas Raposo:* Caducou este expediente que se iniciou o 1 de abril?

*Sr. Alcalde-Presidente:* É dubidoso, porque se se considera que estamos nunha negociación, pode que se teña parado ese reloxo de caducidade. Se caducara habería que abrilo de novo.

*Sr. Cuevas Raposo:* Se está documentado o inicio da negociación, si que me gustaría que me facilitaran unha copia que acredite iso.

3.6. No Pleno do mes de decembro de 2015 aprobouse unha moción na que se instaba ao goberno municipal e ao Alcalde para que iniciara o expediente administrativo para reclamar á empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos todos os posibles importes non prescritos que se tiñan que haber descontado do canon polos ingresos recadados a través dos distintos sistemas integrados de xestión. Iniciouse dito expediente?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estás preguntando o mesmo?

*Sr. Cuevas Raposo:* Non estou preguntando o mesmo, a CESPAs pagóuselle por servizos non realizados segundo a auditora, pero a parte CESPAs ten un contrato que pon un prezo, e o prezo segundo a interpretación que fago eu é maior que o que figura no contrato, debido a que non se lle desconta o que recada de papel, vidro e plástico. Isto foi unha moción que presentamos no mes de decembro pedindo que se iniciara o expediente. Iniciouse dito expediente?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Di o Concelleiro que se está con el pero que non se iniciou.

3.7. No Pleno de setembro fíxenlle un rogo para que se iniciara o correspondente expediente administrativo para, primeiro determinar a cantidade exacta pagada por servizos non realizados relacionados coa recollida de vidro desde o inicio do contrato ata o ano 2012 e que posteriormente, unha vez determinada esa cantidade, que se reclamara a CESPAs. Fíxose algunha actuación respecto a ese rogo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.



**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tño. 986 365 000 Fax 986 383 931

*Sr. Cuevas Raposo:* Tal e como lle dicía ao comezo desta serie de preguntas, vostede dicía que estaban traballando para que supoña un beneficio. Para quen quere vostede que sexa o beneficio do resultado de todas as xestións que está realizando e das que non está realizando, referidas a CESPÁ? Se eu lle dou un rogo bastante ben documentado no que di que hai uns 70.000 euros que lle pagaron a CESPÁ por recoller o vidro e non o recollía, porque tamén entrego o documento de que vostede non fai nada, parece que o beneficio é para os accionistas de CESPÁ.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pode parecer, pero eu cos accionistas de CESPÁ non teño nada e si cos veciños de Nigrán, pode estar seguro.

**4.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:**

Instaláronse dous lombos na rúa do Ceán, que me parece moi ben, pero resulta que está chea de baches. Agora chama máis a atención despois de que arrancara a rúa que vai dende o Concello ata a biblioteca e aínda máis contraste coa rúa do Ceán. O que reclamaría é que se contemple esa rúa nas próximas actuacións.

**5.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:**

Como lle fixen tantas preguntas ás que aínda non me contestaron; que a poder ser, no próximo Pleno traia as respostas.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

Vº e Prace  
O ALCALDE  
Juan Antonio González Pérez

O SECRETARIO

Firmado digitalmente por JULIO  
CESAR DOALLO ALVAREZ -  
34624876D  
Fecha: 2017.01.19 14:05:16 +01'00'

